



Por Real decreto 132/2010, do 12 de febreiro, establécense os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.

Por Real decreto 860/2010, do 2 de xullo, regúlanse as condicións de formación inicial do profesorado dos centros privados para exercer a docencia nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria ou de bacharelato.

Mentres non se proceda pola Comunidade Autónoma de Galicia a desenvolver a normativa básica mencionada é preciso ditar unhas instrucións imprescindibles que permitan habilitar para o exercicio da docencia en determinados supostos.

Na súa virtude, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dita as seguintes instrucións:

Primeiro.- A habilitación para o exercicio da docencia será outorgada polo Director Xeral de Centros e Recursos Humanos, a proposta da Comisión Autónoma de habilitacións.

Segundo.- A Comisión Autónoma de habilitacións terá a seguinte composición:

Presidencia: O subdirector xeral de recursos humanos

Vogais:

- A subdirectora xeral de inspección, avaliación e calidade do sistema educativo
- O subdirector xeral de centros
- Un funcionario ou funcionaria do corpo de inspectores de educación ou do corpo de inspectores ao servizo da administración educativa, por cada xefatura territorial.



- Un funcionario ou funcionaria da consellería de educación e ordenación universitaria, que exercerá as funcións de secretario/a, con voz e sen voto.

As sesións da comisión poderá asistir, con voz e sen voto, un representante designado polos sindicatos do ensino privado e un representante designado polas organizacións patronais, en ámbolos dous casos, con representación nesta Comunidade Autónoma.

Terceiro.- A comisión autonómica de habilitación reunirse, polo menos, unha vez por trimestre.

Cuarto.- En aplicación do establecido na disposición adicional oitava.1 do Real decreto 132/2010, do 12 de febreiro, aquelas persoas que non reúnan os requisitos establecidos no Real decreto citado ou no Real decreto 860/2010, do 2 de xullo, e estiveran desempeñando funcións docentes en centros privados o 13 de marzo de 2010 e continúen no presente curso académico, previa habilitación ou autorización temporal, expresa ou tácita, serán acreditados para o exercicio da docencia exclusivamente no centro no que prestan servizos e para a especialidade que imparten.

Quinto.- De conformidade co establecido no artigo 12 do Real decreto 132/2010, do 12 de febreiro, os centros de educación primaria disporán, como mínimo, dun mestre por cada grupo de alumnos e garantirán, en todo caso, a existencia de graduados en educación primaria ou mestres coa cualificación adecuada para impartir a ensinanza da música, a educación física e as linguas estranxeiras. En tanto non se desenvolva pola Comunidade Autónoma os Reais decretos 132/2010, do 12 de febreiro, e 860/2010, do 2 de xullo, poderán impartir as ensinanzas de música, de educación física e das linguas estranxeiras as persoas que teñan o título de mestre, diplomado en educación xeral básica ou mestre de primeira ensinanza ou título de grao equivalente, na especialidade correspondente e os que sen a especialización adecuada posúan algunha das titulacións que se detallan nos apartados seguintes:

a) Música

- Licenciado en Xeografía e Historia: sección musicoloxía.



- Ter superado, polo menos, dous cursos do grao profesional de música, das ensinanzas reguladas polo Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro.
- Ter superado o primeiro ciclo do grao medio de música, das ensinanzas reguladas polo Real decreto 756/1992, do 26 de xuño.
- Título de profesor de música ao amparo do Decreto 2618/1966, do 10 de setembro.

b) Educación física

Ter superado os tres primeiros cursos dalgún dos seguintes estudos:

- Licenciado en ciencias da actividade física e do deporte
- Licenciado en Educación Física
- Ou título de grao equivalente

c) Lingua francesa

- Ter cursado un ciclo dos estudos conducentes á obtención dos títulos de Licenciado en Filoloxía, Filosofía e Letras (Sección Filoloxía), Tradución e Interpretación, na lingua correspondente.
- O certificado do nivel avanzado ou o certificado de aptitude de Escolas Oficiais de Idiomas da lingua estranxeira correspondente.
- Calquera certificado que acredite o dominio das competencias correspondentes ao nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas no idioma correspondente, no que se faga constar expresamente dito nivel ou outro superior.

d) Lingua inglesa



- Ter cursado un ciclo dos estudos conducentes á obtención dos títulos de Licenciado en Filoloxía, Filosofía e Letras (Sección Filoloxía), Tradución e Interpretación, na lingua correspondente.
- O certificado do nivel avanzado ou o certificado de aptitude de Escolas Oficiais de Idiomas da lingua estranxeira correspondente.
- Calquera certificado que acredite o dominio das competencias correspondentes ao nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas no idioma correspondente, no que se faga constar expresamente dito nivel ou outro superior.

Sexto.- A atención ao alumnado que presente necesidade específica de apoio educativo deberá realizarse con profesorado que deberá estar en posesión do título de mestre ou de grao equivalente, diplomado en educación xeral básica ou mestre de primeira ensinanza, coa especialización de pedagogía terapéutica ou educación especial para os postos de pedagogía terapéutica, ou coa de audición e linguaxe para todos os postos desta especialidade.

Mentres non se desenvolvan pola Comunidade Autónoma os Reais decretos 132/2010, do 12 de febreiro, e o 860/2010, do 2 de xullo, poderán exercer as funcións de apoio educativo os titulados anteriores sen a especialización correspondente que posúan as titulacións que se detallan nos apartados seguintes:

- a) Pedagogía Terapéutica
 - Licenciado en Psicopedagogía
- b) Audición e linguaxe
 - Diplomado en logopedia



Sétimo.-

Disposición adicional primeira.- O profesorado que reúne os requisitos establecidos na Orde do 11 de outubro de 1994 ou na Orde 24 de xullo de 1995 para impartir unha materia e non dispón da correspondente habilitación en virtude do establecido no anexo I da Orde do 25 de novembro de 1997 (DOG do 22 de decembro de 1997), e estaa impartindo á entrada en vigor do Real decreto 860/2010, do 2 de xullo, poderá continuar impartindo dita materia no mesmo centro ou noutros centros privados.

A este profesorado lle será expedida no seu momento, en aplicación da disposición transitoria segunda do Real decreto 132/2010, do 12 de febreiro, a correspondente acreditación da habilitación.

Disposición adicional segunda.- Docencia dos mestres na educación secundaria obrigatoria.

De conformidade coa disposición adicional segunda do Real decreto 860/2010, do 2 de xullo, unicamente poderán impartir os dous primeiros cursos da educación secundaria obrigatoria os mestres que os estean impartindo á entrada en vigor do citado Real decreto. Este profesorado poderá continuar realizando a mesma función nos postos que veñen ocupando ou incorporarse a outros centros privados.

Se estes mestres deixasen de impartir docencia nos dous primeiros cursos da educación secundaria obrigatoria decaerán na súa habilitación para impartir estas ensinanzas.

Disposición adicional terceira.- Ensinanza da lingua estranxeira en educación primaria.

En aplicación da disposición adicional terceira do Real decreto 860/2010, do 2 de xullo, o profesorado que estea impartindo docencia de linguas estranxeiras na educación secundaria obrigatoria ou bacharelato poderá excepcionalmente impartir ensinanzas das linguas estranxeiras respectivas na etapa de educación primaria, sempre que se trate do mesmo centro ou centros do mesmo titular.